

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALCEDA DE CASELAS

Persoal, oposicións

APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O POSTO DE TRABALLADORA SOCIAL

ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0295 de data 14.03.2023, foron aprobadas as bases e a convocatoria para a creación dunha Bolsa de Emprego para a realización de contratacións laborais de duración determinada por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora na categoría de Traballador/a Social. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio.

Na sede electrónica deste Concello (salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/) e con carácter complementario na paxina web do concello (<http://salcedadecaselas.gal/>), aparecen integramente publicadas as bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de selección.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello (salcedadecaselas.sedelectronica.gal/board/).

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldesa de Salceda de Caselas, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

